

DIXITALIZACIÓN EN CONTORNAS BROADCAST E DE PRODUCCIÓN

Días luns 8, 15, 22 e 29 de outubro de 2018.

De 9:30 a 18:00 horas

Sede CTV, Rúa Tras da Estivada, 9-11, 15894, Teo (A Coruña).

CURSO COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, A TRAVÉS DO FONDO SOCIAL EUROPEO NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FSE GALICIA 2014-2020 E DA CONVOCATORIA 2017 DE AXUDAS A PROXECTOS DE FORMACIÓN INDUSTRIA 4.0 DO IGAPE.

DURACIÓN DO CURSO:

- **30 horas** distribuídas ao longo de 4 sesións de 7,5 horas cada unha.

HORARIO:

- **9:30-14:00:** Formación.
- **14:00-15:00:** Descanso para comer.
- **15:00-18:00:** Formación.

LUGAR DE CELEBRACIÓN:

- Este curso será impartido o 100 % da súa duración “in company” nas instalacións da empresa **CTV**, Rúa Tras da Estivada, 9-11, 15894, Teo (A Coruña).

NÚMERO MÁXIMO DE PRAZAS:

- **Máximo 18 prazas.**
- No caso de non cubrirse as dezaioito prazas ofertadas o Cluster resérvase o dereito de cancelar a actividade e reembolsará integramente o importe das inscricións que se realizaran.

CRITERIO DE SELECCIÓN DOS PARTICIPANTES:

- A selección será realizada en función da orde de inscrición.
- No caso de que a demanda sexa superior ao número de prazas ofertadas os criterios de selección serán os seguintes:

Organiza:



Cofinancia:



CRITERIO	PESO
Traballadores do sector audiovisual e/ou de empresas asociadas ao Cluster	30%
Relación do posto de traballo coas temáticas do curso	30%
Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres	20%
Acceso preferente a discapacitados	20%

OBXECTIVOS:

- Achegar aos participantes ás novas tecnoloxías a implementar no proceso de dixitalización da contorna broadcast e de produción.
- Dar a coñecer as principais novidades tecnolóxicas, a fin de que os participantes teñan claro cales son as aplicacións que se veñen utilizando nos últimos anos e cales están introducándose actualmente no mercado no proceso de dixitalización das súas compañías.
- Aportar coñecementos máis específicos sobre este tipo de tecnoloxías, novos estándares e formatos a fin de que o traballador acade unha formación máis profunda sobre a utilización e desenvolvemento destas tecnoloxías incluídas na dixitalización.
- Lograr a adaptación ós cambios tecnolóxicos e ás novas contornas que se xeran no mundo do vídeo e audio profesional.
- Unha vez finalizado o curso, os alumnos terán uns coñecementos suficientemente completos destas novas tecnoloxías de dixitalización para poder entender as situacións que se lle presenten e poder desenvolver e xestionar este tipo de aplicacións nas súas empresas de maneira case inmediata.

DESTINATARIOS:

- O curso está dirixido a **traballadores en activo de empresas** con centro de traballo ou domicilio social en Galicia, tendo prioridade aqueles pertencentes a PEMES do sector audiovisual e asociados do Clúster Audiovisual Galego, que teñan unha vinculación laboral con estas de:
 - Relación laboral (contrato de traballo por conta allea, común ou especial).
 - Autónomos dependentes (contratos trade).
 - Socios ou administradores da empresa (cotizantes á Seguridade Social nalgún réxime).
 - Titulares da empresa ou actividade (empresarios autónomos).
- A formación está orientada preferentemente a aqueles postos que requiren ter uns coñecementos máis profundos sobre a dixitalización da empresa audiovisual, como produtores executivos e directores de empresas do sector audiovisual, directores técnicos de televisión ou produtoras e técnicos.

FORMADOR:

- **Ricardo Cuenca.** Enxeñeiro de CROSSPOINT, S.A.L
- **José Barambio.** Enxeñeiro de CROSSPOINT, S.A.L

Organiza:



Cofinancia:



CERTIFICADO DE APROVEITAMENTO:

- Os alumnos participantes obterán un certificado de aproveitamento do curso sempre que asistan a un mínimo do **75%** do total de horas da acción formativa.

COTA DE INSCRIPCIÓN:

O custe deste curso é de 1.035 € para socios do Cluster e de 1.082 € para non socios. Ao estar subvencionado polo IGAPE (*Axuda a proxectos de formación Industria 4.0*), a cota de inscrición será de:

- **490 €** para os socios do Cluster Audiovisual Galego.
- **538 €** cota xeral.

BONIFICACIÓN DO CURSO A TRAVÉS DA FUNDAE

A) OBRIGAS DAS EMPRESAS PARTICIPANTES/ALUMNOS

- Deben firmar un **Documento de adhesión ao Contrato de encomenda de xestión da formación**.
- Este documento autoriza ao Cluster a xestionar o crédito á formación das empresas firmantes, non podendo ser, por tanto, elas mesmas as que xestionen esta bonificación.
- Os traballadores-alumnos deben **asistir polo menos a un 75% da formación** para poder ser obxecto de bonificación.

B) CANTIDADE A BONIFICAR

IMPORTANTE: Esta cantidade calcularase **individualmente** para cada unha das empresas participantes na formación, e variará en función do seu crédito para a formación e os custes que lle acarree a formación.

No caso deste curso, cuxo custe para os socios do Cluster será de **490,78 euros**, prevese que as empresas poidan descontar aproximadamente uns 250 euros, polo que o custe final será duns **240 euros**.

PRAZO E FORMA DE INSCRIPCIÓN:

O abono da cota de inscrición realizarase na conta ES38 2080 0300 8430 40142631. Será imprescindible o envío do **formulario de inscrición** acompañado do **xustificante de ingreso** antes do día **14 de setembro de 2018**. As prazas cubriranse por orde de recepción do formulario de inscrición acompañado do xustificante de ingreso ao correo electrónico proxectos@clag.es.

PROGRAMA E CONTIDOS:

- O curso dará comezo o 8 de outubro e impartirase os luns durante 4 sesións en horario de 09:30 a 18:00 horas, segundo o seguinte cronograma:

Organiza:



Cofinancia:



➤ **Sesión 1 : luns, 8 de outubro de 2018**

Contido:

- Os motivos da evolución tecnolóxica no momento actual.
- Evolución da resolución da imaxe: UHD1-SDI (4K) e UHD2-SDI (8K).

➤ **Sesión 2: luns, 15 de outubro de 2018**

Contido:

- Evolución na calidade da luminancia: HDR – Dolby PQ y HLG.
- Evolución na calidade da crominancia: WCG (Wide Color Gamut).
- Evolución na frecuencia de imaxe: HFR (High Frame Rate).

➤ **Sesión 3: luns, 22 de outubro de 2018**

Contido:

- Transporte de vídeo por IP: SMPTE 2022 e SMPTE 2110.

➤ **Sesión 4: luns, 29 de outubro de 2018**

Contido:

- Outros cambios en desenvolvemento.

Organiza:



Cofinancia:

